

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CURTIS PARA A REHABILITACIÓN, POSTA EN VALOR E MUSEALIZACIÓN DA CASA DE MARÍA ANTONIA DANS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Curtis o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Curtis para levar a cabo as actuacións de rehabilitación, posta en valor e musealización da casa de María Antonia Dans.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación. A rehabilitación da casa de M^a Antonia Dans para albergar unha casa museo supón unha nova alternativa cultural e artística. Trátase de poñer en valor a edificación existente que forma parte da memoria histórica de Curtis, dado que foi a vivenda e lugar de traballo da pintora M^a Antonia Dans, para ser un referente das artes na comarca. As construcións existentes convertiranse nun museo da vida e



obra da artista. Poríase en valor a un dos persoeiros ilustres da zona, con repercusión a nivel nacional, recuperando tamén unha parte do patrimonio histórico e cultural de Curtis.

Por todo o anterior é o Concello de Curtis o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

